



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
Dirección Xeral de Mobilidade


Praza de Europa 5A, 2ª planta  
Área Central – Fontiñas  
15707. SANTIAGO DE COMPOSTELA

galicia

## **Exame de Obtención do Certificado de Aptitude Profesional (CAP)**

**MERCADORÍAS**  
**18/1/2012**  
**16.00 H**

**-GALEGO-**



**Dé la vuelta al folleto  
para disponer del examen en  
CASTELLANO**

# EXAME OBTENCIÓN DO CAP.

Data: 18-1-2012 16.00 h

Exame: MERCADORÍAS A

Lugar: PGNO. FONTIÑAS, RÚA DE MADRID, 2-4, SANTIAGO DE COMPOSTELA, A CORUÑA Duración: 120 MINUTOS



**1. Como se denomina ao transporte que realiza un vehículo español que carga en Marrocos e atravesa España con destino a Ucraína?**

- a Operacións triangulares puras.
- b Operacións triangulares plenas.
- c Operacións triangulares irregulares.
- d Operacións triangulares regulares.

**2. Que debe facer o condutor durante a carga de mercadoría perigosa no seu vehículo?**

- a Permanecer na cabina atento ás operacións de carga.
- b Manterse nas proximidades do vehículo comprobando o cargamento exacto que recibe o seu vehículo.
- c Aproveitar para realizar pequenas operacións de mantemento no vehículo.
- d Permanecer apartado do lugar onde se realicen as operacións de carga.

**3. Que é a carga útil?**

- a É a masa que se alcanza con aceleración máxima.
- b É a masa que pode transportar un vehículo resultante de restar a tara deste á masa máxima autorizada.
- c É a masa máxima para a utilización dun vehículo con carga en circulación polas vías públicas.
- d É a masa máxima por eixe baseada na súa construción e especificada polo fabricante.

**4. A capacidade de carga dun colector de 20 pés expresada en metros cúbicos é aproximadamente de**

- a 10 metros cúbicos.
- b 20 metros cúbicos.
- c 30 metros cúbicos.
- d 40 metros cúbicos.

**5. O paso de fronteiras no transporte internacional de mercadorías simplifícase se se realiza ao abeiro do convenio:**

- a CMR.
- b TIR.
- c ADR.
- d ASOR.

**6. Que acontece co sector do transporte?**

- a Experimenta un aumento con independencia das situacións de crise.
- b Aumenta máis nas situacións de crise.
- c Reséntese nos momentos de crise.
- d Sonlle indiferentes as situacións de crise.

**7. Que sociedade ten que estar necesariamente formada por transportistas?**

- a As sociedades anónimas laborais.
- b As cooperativas de traballo asociado de transportes.
- c As cooperativas de transportistas.
- d As sociedades colectivas.

**8. A vixilancia do funcionamento correcto dun vehículo é función propia do:**

- a xerente.
- b xefe de tráfico.
- c condutor.
- d comercial.

**9. A que se denomina "certificado ADR" respecto a un vehículo de transporte?**

- a A un documento que certifica a non conformidade cos requisitos esixidos polo ADR, para os condutores, en relación con determinadas condicións xerais de seguridade.
- b A un documento que certifica a conformidade cos requisitos esixidos polo ADR, para os vehículos, en relación con determinadas condicións xerais de seguridade.
- c A un documento que certifica a desconformidade cos requisitos esixidos polo ADR, para os vehículos, en relación con determinadas condicións xerais de seguridade.
- d A un documento que certifica a conformidade cos requisitos esixidos polo ADR, para os condutores, en relación con determinadas condicións xerais de seguridade.

# EXAME OBTENCIÓN DO CAP.

Data: 18-1-2012 16.00 h

Exame: MERCADORÍAS A

Lugar: PGNO. FONTIÑAS, RÚA DE MADRID, 2-4, SANTIAGO DE COMPOSTELA, A CORUÑA Duración: 120 MINUTOS



**10. De acordo coa clasificación das mercadorías perigosas que fai o ADR, a que clase de mercadoría fai referencia a Clase 7?**

- a Materias radiactivas.
- b Gases.
- c Materias corrosivas.
- d Materias que poden experimentar inflamación espontánea.

**11. Quen outorga a autorización de condutor ADR en España?**

- a A Comunidade Autónoma onde reside o condutor.
- b La Dirección Xeral de Tráfico.
- c O Ministerio de Fomento.
- d A Unión Europea.

**12. A que tipo de transporte de mercadorías perigosas non lle son de aplicación as restricións xerais de circulación?**

- a Ao transporte de combustibles con destino a portos, aeroportos e bases estacionais de aeronaves de loita contra incendios.
- b Ao transporte de produtos tóxicos.
- c Ao transporte de explosivos.
- d Ao transporte de materias corrosivas.

**13. Segundo o ADR, que nome recibe unha cisterna que forma parte integrante do chasis dun vehículo?**

- a Colector cisterna.
- b Cisterna desmontable.
- c Cisterna fixa.
- d Cisterna móbil.

**14. O dispositivo que ten como función principal cortar a subministración de combustible ao motor cando o vehículo chega a unha determinada velocidade, como se chama?**

- a Economizador de combustible.
- b Limitador de combustible.
- c Regulador de velocidade.
- d Limitador de velocidade.

**15. Nun transporte de mercadorías perigosas, xunto coa existencia dos documentos obrigatorios, é importante que o condutor comprobe**

- a que non estean manchados.
- b a lexibilidade destes.
- c que estean conservados en fundas de plástico ou carpetas.
- d a vixencia destes.

**16. O cargador ten que comprobar o certificado ADR de aprobación que autorice a realizar o transporte nun vehículo destinado ao transporte de colectores cisterna cunha capacidade superior a...**

- a 3.000 litros.
- b 2.000 litros.
- c 3.500 litros.
- d 4.000 litros.

**17. Só se poderá efectuar un transporte en cisterna cando se admita expresamente este modo de transporte para a materia que queremos transportar?**

- a Non, a elección depende do cargador.
- b Si.
- c Non, a elección depende do transportista.
- d Só para cisternas de máis de 3.500 quilogramos.

# EXAME OBTENCIÓN DO CAP.

Data: 18-1-2012 16.00 h

Exame: MERCADORÍAS A

Lugar: PGNO. FONTIÑAS, RÚA DE MADRID, 2-4, SANTIAGO DE COMPOSTELA, A CORUÑA Duración: 120 MINUTOS



**18. Pode circular un domingo un transporte de mercadorías perigosas?**

- a Só se o transporte se encontra dentro das excepcións consideradas nas restricións de tráfico ou obtense un permiso especial.
- b Si, sempre.
- c Non, nunca.
- d Só se transporta explosivos.

**19. Nunha sociedade de responsabilidade limitada o numero máximo de socios está limitado a:**

- a vinte e cinco.
- b trinta.
- c cincuenta.
- d Non hai limitación.

**20. O transporte de alimentos perecedoiros a temperatura regulada, por que acordo se rexe fundamentalmente?**

- a Acordo sobre Transportes Internacionais de Mercadorías Perecedoiras e Sobre Vehículos Especiais (ATP).
- b Acordo sobre Transportes de Mercadorías Alimenticias e Sobre Vehículos Especiais (ATAP).
- c Tratado Internacional de Transporte de Consumo (TITC).
- d Acordo sobre Transportes de Mercadorías Agro-gandeiras de Consumo (ATMA).

**21. Cal é o obxectivo principal do transporte de residuos?**

- a Facilitar á empresa a eliminación dun problema.
- b Preservar a saúde e o medio garantindo o seu seguimento dende a súa produción ata a súa eliminación.
- c Fomentar unha nova fonte de riqueza.
- d Unificar o tratamento de residuos.

**22. Que factor xoga a favor do transporte por estrada?**

- a Flexibilidade.
- b Especialización dos vehículos.
- c Versatilidade nos itinerarios.
- d As tres respostas anteriores son correctas.

**23. Que permiten as autorizacións multilaterais de transporte internacional?**

- a O transporte a calquera país.
- b O transporte calquera país, sempre que non requira o embarque do vehículo que realiza o transporte por estrada noutro modo de transporte.
- c Transportar a ou dende calquera dos países asinantes do acordo cunha soa autorización.
- d Necesítanse tantas autorizacións como países se atravesan.

**24. Que validez ten a autorización de condutor ADR?**

- a Cinco anos.
- b Tres anos.
- c Anual.
- d Catro anos.

**25. Se nun contrato de transporte se pactou o día, pero non a hora, abondará con que o vehículo estea dispoñible antes das ...**

- a seis da tarde.
- b cinco da tarde.
- c catro da tarde.
- d sete da tarde.

**26. Como se denomina o quentamento excesivo dos elementos frenantes do freo de servizo?**

- a Efecto *shipping*.
- b Efecto *fading*.
- c Efecto *foldng*.
- d Efecto *running*.

# EXAME OBTENCIÓN DO CAP.

Data: 18-1-2012 16.00 h

Exame: MERCADORÍAS A

Lugar: PGNO. FONTIÑAS, RÚA DE MADRID, 2-4, SANTIAGO DE COMPOSTELA, A CORUÑA Duración: 120 MINUTOS



- 27. Que indicacións deberá levar imprimidas cada folla de rexistro ou disco-diagrama?**
- a Coeficiente característico do vehículo, na forma " $w = r/\text{km}$ " " $w = \text{imp}/\text{km}$ ".
  - b Marca de homologación do modelo ou dos modelos de aparatos nos que pode utilizarse o disco.
  - c Indicacións relativas ás distancias recorrido.
  - d Lugar no que se encontran os precintos.
- 28. Que se debe facer tras unha gran discusión?**
- a Coller o coche para tranquilizarse conducindo.
  - b Esperar a tranquilizarse para coller o coche e emprender a viaxe.
  - c Continuar coa discusión polo mans libres mentres se conduce.
  - d Poñer a radio e intentar esquecer a discusión conducindo.
- 29. As pantallas para soldadura, que tipo de equipo de protección individual son?**
- a Protectores dos ollos e da cara.
  - b Protectores das vías respiratorias.
  - c Protectores de pés e pernas.
  - d Protectores do tronco.
- 30. Que supón "a calidade" nunha empresa de transporte?**
- a O servizo que se deu é o que se prometera.
  - b O servizo deu resposta ao uso que quería facer o cliente.
  - c O servizo non foi beneficioso para o cliente.
  - d As respostas a) e b) son correctas.
- 31. Débese comprobar que hai presión de aire abondo nos circuítos pneumáticos de freado?**
- a Si, é aconsellable.
  - b Si, é obrigatorio.
  - c Non.
  - d Só se se vai facer un percorrido longo.
- 32. Nun panel laranxa identificativo dun transporte de mercadorías perigosas, o número 33 na parte superior significa que...**
- a se transportan 2 materias de clase 3.
  - b se transporta un líquido moi inflamable.
  - c se transporta un material moi comburente.
  - d Non poden repetirse os número de perigo.
- 33. Nun tacógrafo dixital, onde se adapta habitualmente o sensor de movementos para recibir o sinal do vehículo?**
- a No can-bus.
  - b No acelerador.
  - c No tubo de escape.
  - d Na caixa de cambios.
- 34. Os delitos de contrabando castíganse con penas de prisión menor e multa:**
- a do dobre ao triplo do valor das mercadorías obxecto do delito.
  - b do quintuplo do valor das mercadorías obxecto do delito.
  - c do triplo do valor das mercadorías obxecto do delito.
  - d do dobre ao cuádruplo do valor das mercadorías obxecto do delito.
- 35. No posto de conducción, a temperatura é un factor a ter en conta:**
- a Só en verán.
  - b Só en inverno.
  - c En todo momento é necesario manter unha temperatura ideal.
  - d Todas as respostas anteriores son correctas.
- 36. Sinale a afirmación axeitada para o aforro de combustible.**
- a Ao arrancar, esperar uns instantes antes de iniciar a marcha se o seu vehículo é de gasolina.
  - b Ao arrancar, iniciar inmediatamente a marcha se o seu vehículo é de gasolina.
  - c Ao arrancar, tratar de chegar rapidamente a un réxime de revolucións alto.
  - d Ao arrancar, iniciar inmediatamente a marcha se o seu vehículo é de diesel.

# EXAME OBTENCIÓN DO CAP.

Data: 18-1-2012 16.00 h

Exame: MERCADORÍAS A

Lugar: PGNO. FONTIÑAS, RÚA DE MADRID, 2-4, SANTIAGO DE COMPOSTELA, A CORUÑA Duración: 120 MINUTOS



**37. Sinalar a afirmación incorrecta.**

- a Unha distancia insuficiente entre os neumáticos emparellados en xemelgo crea frotamento entre os flancos.
- b Unha distancia insuficiente entre os neumáticos emparellados en xemelgo provoca unha mala dispersión da calor.
- c Unha distancia insuficiente entre os neumáticos emparellados en xemelgo provoca unha degradación acelerada dos neumáticos.
- d Unha distancia insuficiente entre os neumáticos emparellados en xemelgo provoca deformación na carcasa.

**38. A aplicación dos coñecementos ergonómicos ao ámbito do traballo é fundamental para:**

- a utilizar as ferramentas con soltura.
- b case nada.
- c protexernos dos accidentes máis economicamente.
- d a prevención de problemas de saúde.

**39. Pode impoñer un estado sancións cometidas en territorio doutro estado?**

- a Si, sempre.
- b Si, pero só para infraccións que afecten á seguridade vial.
- c Non, só a pode aplicar o estado onde se cometen.
- d Si, sempre e cando non fose sancionado anteriormente pola mesma infracción.

**40. Como se debe solicitar a axuda en caso de accidente?**

- a Identificando o lugar e os feitos básicos.
- b Intentando trasladar os feridos pola súa propia conta.
- c Chamando aos familiares dos feridos.
- d Ningunha das respostas anteriores é correcta

**41. A mellor forma de extinguir un lume con brasas é mediante..**

- a a dilución.
- b a concentración.
- c o quentamento.
- d o arrefriamento.

**42. Para que lumes son efectivos os pos químicos secos?**

- a Lumes na madeira.
- b Lumes nos líquidos.
- c Lumes en sólidos.
- d Lumes no papel.

**43. Se o aceite que utiliza un automóbil é sintético, é necesario comprobar o nivel do aceite no cárter?**

- a Si, frecuentemente.
- b Con facelo unha vez ao ano é suficiente.
- c Non, porque a vantaxe dos aceites sintéticos é que os motores que o utilizan non consumen aceite.
- d Non, porque debido á súa viscosidade o nivel do aceite sempre permanece constante.

**44. Un motor diesel de inxección indirecta respecto dun motor diesel de inxección directa...**

- a ten un maior consumo específico.
- b ten un menor consumo específico.
- c ten o mesmo consumo específico.
- d sempre ten un menor par motor.

**45. Cando os segmentos do pistón se desgastan...**

- a débense substituír por outros novos porque o motor perde potencia.
- b o motor non consume aceite.
- c débese substituír o aceite motor por un de baixo índice de viscosidade.
- d débese substituír o aceite por un de alto índice de viscosidade.

# EXAME OBTENCIÓN DO CAP.

Data: 18-1-2012 16.00 h

Exame: MERCADORÍAS A

Lugar: PGNO. FONTIÑAS, RÚA DE MADRID, 2-4, SANTIAGO DE COMPOSTELA, A CORUÑA Duración: 120 MINUTOS



- 46. O mecanismo de embrague adáptase...**
- a ao dámper.
  - b á cara externa do volante de inercia.
  - c á árbore de transmisión.
  - d ao grupo cónico diferencial.
- 47. Nun automóbil provisto de pedal de embrague, cando se levanta o devandito pedal...**
- a embrágase.
  - b desacópase o movemento do motor do resto da transmisión.
  - c a caixa de velocidades queda en punto morto.
  - d non funciona o freo motor.
- 48. Que datos veñen na declaración amigable de accidentes?**
- a Vehículos implicados.
  - b Condutores que interveñen.
  - c Lugar do accidente.
  - d Todas as respostas anteriores son correctas.
- 49. O caucho tende sempre a recuperar a súa forma orixinal, pero debido á histérese:**
- a non o fai inmediatamente.
  - b faino inmediatamente.
  - c non recupera a súa posición orixinal.
  - d tende a dilatarse aínda máis.
- 50. En que momento da condución se require unha maior concentración?**
- a En condicións meteorolóxicas favorables.
  - b Ao saír do garaxe.
  - c En adiantamentos en autovías
  - d En condicións meteorolóxicas desfavorables.
- 51. A política de recursos humanos dunha empresa de transportes non é importante para:**
- a a imaxe de marca da empresa.
  - b diminuír as situacións de emerxencia en estrada.
  - c a calidade percibida polo cliente.
  - d a estatura do condutor.
- 52. Se un condutor non colabora e se nega a entregar a documentación requirida polos axentes encargados dun control en estrada está a cometer unha infracción:**
- a de obstrución ao labor inspector.
  - b de colaboración coa empresa.
  - c de imprudencia.
  - d de descanso diario.
- 53. Cal é a anchura máxima dun vehículo de transporte de mercadorías?**
- a 2,70 metros.
  - b 2,55 metros, agás en vehículos acondicionados para o transporte de mercadorías a temperaturas dirixidas nos que o espesor de cada parede lateral, incluído o illamento, sexa de 45 milímetros como mínimo, que pode chegar a 2,60 metros.
  - c 2,50 metros.
  - d 2,80 metros.
- 54. Cales poden ser as lesións derivadas dunha exposición continua a vibracións?**
- a Traumatismos.
  - b Problemas de próstata.
  - c Hernias.
  - d Esgazaduras musculares.
- 55. De que parte da roda forma parte o disco?**
- a Da parte metálica.
  - b Da parte pneumática.
  - c Tanto da parte pneumática coma da parte metálica.
  - d O disco non forma parte da roda senón do pneumático.

# EXAME OBTENCIÓN DO CAP.

Data: 18-1-2012 16.00 h

Exame: MERCADORÍAS A

Lugar: PGNO. FONTIÑAS, RÚA DE MADRID, 2-4, SANTIAGO DE COMPOSTELA, A CORUÑA Duración: 120 MINUTOS



**56. Por que, cando o motor está frío, é conveniente deixalo xirar ao ralentí e en ningún caso dar aceleróns?**

- a Porque se se dan aceleróns cando o motor está frío gasta moito combustible.
- b Porque se se dan aceleróns co motor en frío, podense provocar uns cambios de temperatura moi rápidos que xeran tensións nas pezas do motor.
- c Porque convén deixar uns poucos segundos para que o aceite chegue a todas as pezas a lubricar, xa que noutro caso pódese danar o motor.
- d Ao contrario, co motor en frío non existe problema para que se dean aceleróns, pois nesas condicións non se quenta excesivamente o motor.

**57. Os neumáticos gastan máis en verán que en inverno, por que?**

- a Porque, ao estar o piso seco, deslízanse peor.
- b Porque a calor afecta ao material dos neumáticos.
- c Porque a superficie de contacto é maior, ao ser a presión de inflado menor.
- d Porque se fan máis quilómetros.

**58. Un vehículo pesado posúe un ralentizador do tipo "freo no escape", ao accionalo, veranse freadas:**

- a as rodas motoras.
- b as rodas directoras.
- c todas as rodas.
- d as rodas do eixe dianteiro.

**59. Que factor é o que máis inflúe na enerxía cinética dun vehículo en movemento?**

- a A súa masa.
- b A súa velocidade.
- c A súa aerodinámica.
- d A súa altura.

**60. Nun sistema de freado pneumático, a válvula de descarga rápida encóntrase situada...**

- a a continuación do pedal de embrague.
- b a continuación do pedal de freo.
- c no calderín.
- d na bifurcación das canalizacións, tanto das rodas dianteiras coma das rodas traseiras.

**61. Dos tipos de aceite que se citan, cal é máis efectivo en calquera época do ano?**

- a SAE W 40.
- b SAE W 20.
- c SAE 20 W 40.
- d SAE W 15.

**62. Os orificios que levan os tapóns dunha batería, como respiradoiros, teñen a misión de...**

- a dar saída aos gases que se producen no interior da batería.
- b manter constante a presión no interior da batería.
- c eliminar a cantidade de electrólito sobrannte cando este se dilata por quentamento.
- d facilitar a enchedura dos vasos.

**63. Para que serve o volante de inercia dos motores?**

- a Para suxeitar o cegoñal ao cárter.
- b Para suxeitar o cegoñal ao bloque.
- c Para mover o motor de arranque.
- d Para regularizar o movemento do motor.

**64. Nun motor de combustión, que percorrido realiza o gasóleo ata chegar aos cilindros?**

- a Depósito, bomba de inxección, bomba de alimentación ou prealimentación e despois inxectores.
- b Depósito, bomba de alimentación, bomba de inxección e despois inxectores.
- c Depósito, bomba de alimentación, inxectores e despois bomba de inxección.
- d Depósito, inxectores, bomba de alimentación e despois bomba de inxección.

# EXAME OBTENCIÓN DO CAP.

Data: 18-1-2012 16.00 h

Exame: MERCADORÍAS A

Lugar: PGNO. FONTIÑAS, RÚA DE MADRID, 2-4, SANTIAGO DE COMPOSTELA, A CORUÑA Duración: 120 MINUTOS



- 65. Como afectan os problemas visuais na conducción en relación á fatiga?**
- a Aumenta ao ser necesario un sobreesforzo na identificación dos sinais e indicadores.
  - b Aumenta ao non ser necesario un sobreesforzo na identificación dos sinais e indicadores.
  - c Diminúe ao non ser necesario un sobreesforzo na identificación dos sinais e indicadores.
  - d Non se modifican.
- 66. Que consecuencias pode ter en verán un aumento da transpiración e deshidratación?**
- a Diminución da fatiga muscular.
  - b Aumento do estado de vixilia.
  - c Aparición da somnolencia.
  - d Diminución da ansiedade.
- 67. En cada ciclo de inserción e extracción da tarxeta de condutor, que queda rexistrado no tacógrafo dixital?**
- a A identificación do condutor, número de tarxeta e país que a expide.
  - b Os datos da empresa, CIF e domicilio.
  - c Os datos da vía pola que se circula.
  - d A temperatura do vehículo.
- 68. Que indica o índice de carga dun pneumático?**
- a A velocidade máxima á que pode circular.
  - b O peso do pneumático.
  - c A máxima presión á que pode ser inflado.
  - d O peso máximo que pode soportar.
- 69. A banda de rodadura do pneumático debe ter ranuras transversais para...**
- a mellorar o efecto amortecedor do pneumático.
  - b aumentar a flexibilidade lateral do pneumático.
  - c aumentar a flexibilidade lonxitudinal do pneumático.
  - d evacuar a auga cando a calzada está mollada.
- 70. O compresor é un elemento que forma parte...**
- a do sistema de refrixeración.
  - b do sistema de lubricación.
  - c do sistema de distribución.
  - d do sistema pneumático de freos.
- 71. Cando se fala do ABS, ESP ou BAS estase a facer referencia a elementos:**
- a electrónicos que aumentan a seguridade activa do vehículo.
  - b mecánicos que aumentan a seguridade pasiva do vehículo.
  - c mecánicos imprescindibles na construción dun motor.
  - d que reducen o consumo de carburante.
- 72. Por que a presión de inflado do pneumático debe comprobarse cando o pneumático estea frío?**
- a Porque en quente a válvula dilatase e non se pode introducir o manómetro.
  - b Porque en quente correse o risco de sufrir queimaduras.
  - c Porque en quente a medición non é exacta, xa que a presión é maior.
  - d Porque en quente a medición non é exacta, xa que a presión é inferior.
- 73. Que inconveniente presentan as lamias de aliaxe?**
- a Ningún.
  - b Que pesan máis.
  - c Que pesan menos.
  - d Que son máis propensas á corrosión electrolítica.
- 74. Cando nos pneumáticos aparece a inscrición "tubeless" hai que prestar maior atención xa que:**
- a o desgaste da banda de rodamento é máis rápido.
  - b calquera golpe na lamia pode facer perder estanquidade.
  - c o agarre é menor ao ser un pneumático de menor calidade.
  - d o agarre é menor ao ser un pneumático sen cámara.

# EXAME OBTENCIÓN DO CAP.

Data: 18-1-2012 16.00 h

Exame: MERCADORÍAS A

Lugar: PGNO. FONTIÑAS, RÚA DE MADRID, 2-4, SANTIAGO DE COMPOSTELA, A CORUÑA Duración: 120 MINUTOS



**75. Como se denomina o tipo de freo que ao pisar o pedal os elementos freantes da roda se abren rozando o elemento que xira solidario coa roda?**

- a Freo de disco.
- b Freo de tambor.
- c Retárder.
- d Freo eléctrico.

**76. Dos sistemas de freado que se citan, cal se deberá utilizar en primeiro lugar para baixar unha forte pendente descendente conducindo un vehículo pesado?**

- a O ralentizador.
- b O freo de servizo.
- c O freo de socorro.
- d O freo de estacionamento.

**77. Que supón a inasistencia á vista dalgún dos membros da Xunta Arbitral do Transporte a excepción do presidente?**

- a Impide a celebración da vista.
- b Non impide a celebración da vista, pero si que impide que se dite o laudo.
- c É causa de nulidade do laudo, si se chega a ditar.
- d Non impide a celebración da vista nin que se dite o laudo.

**78. En que tipos de colisións os usuarios quedan a mercé dos movementos do vehículo?**

- a Colisión por alcance.
- b Envorcio sen usar cinto de seguridade.
- c Colisión frontal.
- d Colisión lateral.

**79. Das seguintes accións, cales favorecen a ausencia de accidentes?**

- a Circular a unha velocidade inadecuada.
- b Conducir baixo os efectos do alcohol.
- c Conducir respectando a sinalización viaria.
- d Conducir utilizando inadecuadamente os elementos de seguridade dos vehículos.

**80. No contarrevolucións dun vehículo pesado existe unha zona marcada, xeralmente, de cor verde. Circular cun número de revolucións por enriba desa zona, que supón?**

- a Unha menor cantidade de carburante inxectado.
- b Un maior consumo.
- c Unha redución na relación de compresión.
- d Un aumento da potencia debido ao aumento na relación de compresión.

**81. Onde vai colocado o decelerador electrónico?**

- a No eixe primario da caixa de velocidades.
- b No eixe secundario da caixa de velocidades.
- c No eixe intermediario da caixa de velocidades.
- d Na transmisión.

**82. Que pode acontecer se os freos non son capaces de evacuar toda a calor que producen?**

- a Aumenta a súa capacidade de freado.
- b A distancia de freado diminúe.
- c Perden eficacia.
- d Non ten relación directa cos freos.

**83. Que exista unha mínima transferencia de masas dos eixes traseiros aos dianteiros no momento da freada, que repercusión ten?**

- a Un maior desgaste dos freos.
- b Un menor consumo de combustible.
- c O aproveitamento do agarre de todas as rodas.
- d O mantemento da velocidade.

# EXAME OBTENCIÓN DO CAP.

Data: 18-1-2012 16.00 h

Exame: MERCADORÍAS A

Lugar: PGNO. FONTIÑAS, RÚA DE MADRID, 2-4, SANTIAGO DE COMPOSTELA, A CORUÑA Duración: 120 MINUTOS



- 84. Que risco para a condución aumenta cando aparece a neve na calzada?**
- a Menor adherencia.
  - b Menor visibilidade.
  - c Ocultación dos sinais.
  - d Todas as respostas anteriores son correctas.
- 85. Nunha cisterna e de acordo co ADR, a que grupo pertence as chamadas bocas de home?**
- a Ao depósito.
  - b Ao equipo de estrutura.
  - c Ao equipo de servizo.
  - d Ao vehículo.
- 86. Que pode facer que os pneumáticos se desgasten de forma desigual?**
- a As lamias moi sucias.
  - b A deficiente presión dos pneumáticos.
  - c O aumento de velocidade.
  - d Unha diminución da aceleración.
- 87. Na relación dun condutor cos clientes da súa empresa, a atención debe ser...**
- a rápida e personalizada.
  - b rápida e despersonalizada.
  - c firme e distante.
  - d rigorosa e despersonalizada.
- 88. Na relación dun condutor cos clientes da súa empresa, a cortesía é...**
- a unha conduta innecesaria.
  - b un rasgo fundamental.
  - c unha mostra de hipocrísia.
  - d unha habilidade superflua.
- 89. Que zapatos son adecuados para traballar de pé?**
- a De tacón alto.
  - b Os completamente planos.
  - c Os de tacón de 2 a 4 cm.
  - d Os de plataforma.
- 90. Quen debe asinar a declaración amigable de accidente para que se considere válida?**
- a Todos os condutores dos vehículos implicados no accidente.
  - b O condutor culpable do accidente.
  - c Todas as testemuñas do accidente.
  - d Un axente das Forzas de Seguridade que teñan encomendada a vixilancia do tráfico.
- 91. Por que motivo o sistema de distribución do motor dun vehículo pesado debe estar correctamente regulado?**
- a Para que a distribución do carburante en cada un dos cilindros se realice no momento axeitado.
  - b Para que a distribución da electricidade en cada unha das buxías se realice no momento axeitado.
  - c Para evitar perdas de potencia e non aumentar o consumo de carburante.
  - d Para que a distribución do aire comprimido en cada un dos elementos frenantes se realice no momento axeitado.
- 92. Relacionado co coeficiente aerodinámico dun vehículo, que debe saber?**
- a Que o coeficiente aerodinámico non inflúe na estabilidade do vehículo.
  - b Que, canto menor sexa, menor será o seu consumo.
  - c Que, canto menor sexa, menor será a súa estabilidade.
  - d Que será peor canto menor sexa o seu Cx.
- 93. No consumo de carburante dun automóbil non inflúe...**
- a a presión dos neumáticos.
  - b a lonxitude do pistón.
  - c o número de revolucións por minuto do motor.
  - d o perfil da estrada.

# EXAME OBTENCIÓN DO CAP.

Data: 18-1-2012 16.00 h

Exame: MERCADORÍAS A

Lugar: PGNO. FONTIÑAS, RÚA DE MADRID, 2-4, SANTIAGO DE COMPOSTELA, A CORUÑA Duración: 120 MINUTOS



**94. O consumo de carburante dun automóbil pode ser maior do normal dependendo:**

- a do tipo de batería e da relación de marchas seleccionada.
- b do número de revolucións por minuto do motor e a presión dos pneumáticos.
- c da posición do pedal do acelerador e a lonxitude do cegoñal.
- d do motor de arranque e do tipo de ralentizador que monte o vehículo.

**95. Que vantaxes presenta conducir utilizando a relación de marchas máis alta que sexa posible dependendo da velocidade á que se circule?**

- a Menor consumo e contaminación ambiental.
- b Reducir o coeficiente aerodinámico do vehículo e prolongar a vida do motor.
- c Aumentar a frecuencia da inspección técnica periódica e reducir os prazos de mantemento do vehículo.
- d Reducir a frecuencia da inspección técnica periódica e aumentar os prazos de mantemento do vehículo.

**96. Que característica non inflúe á hora de determinar no contarrevolucións dun automóbil a zona de menor consumo?**

- a O tamaño do embrague.
- b A potencia.
- c O par máximo.
- d O consumo específico.

**97. ¿Cal das seguintes afirmacións non é unha función dos nutrientes?**

- a Conseguen a enerxía necesaria.
- b Forman e manteñen órganos
- c Favorecen o sobrepeso dos condutores.
- d Axudan ao sistema de defensas do corpo.

**98. Cal é a orde de montaxe correcta dos cables dunha batería?**

- a En primeiro lugar o borne positivo e a continuación o cable de masa ao borne negativo.
- b En primeiro lugar o cable de masa ao borne negativo e a continuación o borne positivo.
- c En primeiro lugar o borne negativo e a continuación o cable de masa ao borne positivo.
- d En primeiro lugar o cable de masa e a continuación o borne positivo ao negativo.

**99. A renovación do Certificado de Aptitude Profesional debe realizarse tras un curso de formación continua. Cada canto tempo debe seguirse o curso?**

- a Polo menos cada 3 anos.
- b Polo menos cada 5 anos.
- c Polo menos cada 10 anos.
- d Non é necesario renovar o certificado de aptitude.

**100. Cal é o principal obxectivo da conducción preventiva?**

- a A anticipación a posibles situacións de perigo gañando tempo e espazo de reacción.
- b O máximo aforro de combustible.
- c A redución da distancia de seguridade.
- d A prevención de avarías no vehículo.

**Preguntas de reserva**

**101. Que é un acordo multilateral no transporte internacional?**

- a O celebrado entre máis de dúas empresas pertencentes a un só país co obxecto de regular as condicións en que se prestará un servizo internacional de transporte por estrada.
- b O celebrado entre empresas pertencentes a diferentes países, para realizar transportes internacionais, sempre que haxa máis de dúas empresas por país.
- c O celebrado entre diferentes países sempre que estes estean situados en diferentes extremos (lados) do continente.
- d Acordo entre máis de dous países para regular as condicións de autorización de servizos internacionais de transporte.

# EXAME OBTENCIÓN DO CAP.

Data: 18-1-2012 16.00 h

Exame: MERCADORÍAS A

Lugar: PGNO. FONTIÑAS, RÚA DE MADRID, 2-4, SANTIAGO DE COMPOSTELA, A CORUÑA Duración: 120 MINUTOS



## 102. Que é un tractocamión?

- a É un tractor cun tamaño axeitado a espazos reducidos.
- b É o conxunto de vehículos formado por un autobús e un tractor.
- c É o automóbil concibido e construído para realizar, principalmente, o arrastre dun semirremolque.
- d É o automóbil concibido e construído para trepar pola vía.

## 103. En que consiste o mecanismo de asistencia ao sistema de freado?

- a Nun mecanismos que substitúe aos elementos freantes evitando o bloqueo das rodas.
- b Nun dispositivo que actúa sobre os semieixes de transmisión.
- c Nun sistema que multiplica a forza aplicada sobre o pedal de freo.
- d Nun sistema que retarda a velocidade do vehículo sen que exista rozamento entre pezas.